

CURRÍCULUM

LCA

EFIN

PRIMEIRO E SEGUNDO ESO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes en educación secundaria obrigatoria

Educación Financeira

Introdución

A introdución no currículo da ensinanza obrigatoria dunha materia de contido económico-financeiro persegue formar cidadás e cidadáns capaces de comprender a importancia de adoptar decisións acertadas sobre a súa economía persoal. Unha mellora na formación financeira permitiralles ás persoas acadaren o obxectivo de seguridade financeira, limitaren o risco de perdas patrimoniais, e previren o endebedamento excesivo e a exclusión financeira.

As persoas ao longo da súa vida teñen que enfrontarse a decisións financeiras nun contorno cada vez máis dinámico e complexo, motivo polo cal deben ampliar a súa cultura financeira, obxectivo último da presente materia. Son moitas as organizacións internacionais, entre elas a Comisión Europea, que reclaman a posta en marcha de iniciativas educativas para aumentar a formación financeira da poboación.

Esta materia de Educación Financeira, programada para un dos dous primeiros cursos do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria, inclúe contidos económico básicos que permiten á cidadanía familiarizarse, desde idades temperás, coa organización e o funcionamento do sistema financeiro, en particular cos produtos e os servizos financeiros de uso máis habitual, para posteriormente axudar na planificación da vida financeira persoal e na elección daquelas alternativas que mellor se adapten ás súas necesidades, mantendo a seguridade financeira como eixo central desa planificación.

O currículo desta materia está organizado en tres bloques. O primeiro fai fincapé na administración da renda e dos recursos persoais, a través das decisións de consumo e de aforro, e o correspondente investimento; o segundo céntrase na planificación financeira persoal e familiar e, finalmente, o terceiro trata a xestión dos medios líquidos dispoñibles.

A materia aborda os contidos desde un nivel moi básico, analizando os compoñentes e as características principais dos produtos e dos servizos financeiros, procurando a familiarización cos mercados e coas entidades operantes, que permita ás persoas, tras comparar distintas ofertas, elixir a máis adecuada ás súas necesidades e á súa situación económico-financeira. O enfoque, sendo eminentemente descritivo, non esquece iniciar o alumnado na realización de sinxelos cálculos, empregando ferramentas de axuda que permitan a valoración precisa das alternativas consideradas, unha maior comprensión do funcionamento dos produtos e dos servizos, e o adecuado coñecemento das implicacións que as decisións que se tomen teñen na situación financeira persoal. Recoméndase un tratamento lúdico dos contidos, procurando o emprego de xogos, a participación en concursos e o fomento da produción de coñecemento empregando recursos das tecnoloxías da información e da comunicación.

A materia contribúe ao desenvolvemento da competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como o das competencias sociais e cívicas, o da competencia de comunicación lingüística, e o da matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital e de aprender a aprender.

Educación Financeira 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Educación e finanzas persoais				
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ e ■ f ■ g 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.1. Educación financeira. ■ B1.2. Obxectivos financeiros persoais. Seguridade financeira. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.1. Administrar os recursos financeiros persoais de xeito responsable, para garantir a seguridade financeira ao longo da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB1.1.1. Recoñece as fontes de renda persoal e describe os tipos de recursos financeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CMCCT ■ CSC ■ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB1.1.2. Procura alcanzar a seguridade financeira na concreción dos seus obxectivos financeiros persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CSC ■ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB1.1.3. Identifica os tipos de investimentos ao longo da vida das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CD ■ CSC ■ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ e ■ f ■ g ■ h 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.3. Sistema financeiro, indicadores económicos e tipos de xuro. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.2. Identificar os mercados financeiros, os axentes intervinientes e os indicadores financeiros básicos vinculados coa evolución das condicións económicas que inflúen nas decisións financeiras da cidadanía. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB1.2.1. Relaciona a situación económico-financeira persoal cos principais indicadores económicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB1.2.2. Explica o papel dos intermediarios financeiros na sociedade, e caracteriza e identifica os principais mercados financeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CMCCT ■ CD ■ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ e ■ f ■ g 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.4. Renda persoal: consumo e aforro. ■ B1.5. Consumo: modalidades de consumo. ■ B1.6. Aforro e investimento. ■ B1.7. Rendibilidade e risco no investimento. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.3. Xestionar a renda persoal, recoñecendo as súas orixes, os destinos alternativos e as necesidades que se deben cubrir en cada etapa da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB1.3.1. Identifica as etapas que conducen á toma de decisión de consumo intelixente. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CSC ■ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB1.3.2. Interpreta o significado de rendemento e risco en diversos contextos financeiros, e recoñece os beneficios da diversificación. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CD ■ CAA ■ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB1.3.3. Recoñece a dimensión temporal do consumo, e distíngueo do aforro e do investimento. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CD ■ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB1.3.4. Representa graficamente as operacións de investimento e interpreta o significado de rendemento e do risco en diversos contextos financeiros, e recoñece os beneficios da diversificación. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CAA ■ CD

Educación Financeira 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EFNB1.3.5. Identifica os motivos que conducen á decisión de aforrar. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CAA
<ul style="list-style-type: none"> a b e f g 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Operacións de investimento: elementos, dimensión temporal e tipos de xuro. B1.9. Depósitos e imposicións a prazo. B1.10. Contas á vista remuneradas. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Identificar os produtos de aforro, considerar as súas características e a súa tipoloxía, calcular o rendemento ofrecido e valorar a oportunidade de contratación. 	<ul style="list-style-type: none"> EFNB1.4.1. Recoñece as características dos tipos de depósitos e imposicións a prazo ofrecidas polas entidades bancarias. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> EFNB1.4.2. Compara ofertas concretas de depósitos e imposicións a prazo mediante a consideración dos tipos efectivos de xuro aplicados. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EFNB1.4.3. Considera as características das contas á vista remuneradas existentes no mercado bancario, e diferéncias das imposicións e dos depósitos a prazo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> EFNB1.4.4. Avalía a oportunidade de contratación de imposicións e depósitos a prazo e de contas á vista remuneradas en función das condicións do mercado, e considera as súas vantaxes e os seus inconvenientes. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CSC CSIEE
Bloque 2. Planificación financeira persoal e familiar				
<ul style="list-style-type: none"> a b e f g 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Planificación financeira ao longo da vida. B2.2. Orzamento persoal e familiar. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Planificar a vida financeira, clasificar os elementos integrantes dun orzamento persoal ou familiar, e identificar medidas de control que permitan non desviarse dos niveis orzados. 	<ul style="list-style-type: none"> EFNB2.1.1. Valora o impacto da planificación e a importancia do aforro na vida de cadaquén. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> EFNB2.1.2. Identifica e clasifica ingresos e gastos para elaborar un orzamento persoal e familiar. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> EFNB2.1.3. Avalía os gastos axustándoos aos ingresos e identifica medidas de control. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a b e f g 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Operacións de financiamento: elementos, dimensión temporal e tipos de xuro. B2.4. Capacidade de endebedamento persoal. B2.5. Préstamos e contas de crédito. B2.6. Préstamos persoais e hipotecarios. B2.7. Finalidade, importe, prazo e tipo de xuro nos préstamos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Determinar as necesidades de financiamento ao longo da vida, analizar as operacións de préstamo, diferenciando os tipos existentes en función das súas características e identificando os elementos integrantes, e avaliar a capacidade de endebedamento, garantindo a seguridade financeira 	<ul style="list-style-type: none"> EFNB2.2.1. Recoñece as características e as diferenzas entre préstamos e pólizas de crédito. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CSIEE

Educación Financeira 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB2.2.2. Clasifica os préstamos segundo a garantía esixida pola entidade prestamista, definindo cada un dos tipos e analizando as súas características e os elementos integrantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CMCCT ■ CD ■ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB2.2.3. Representa graficamente as operacións de financiamento, identificando os seus elementos integrantes, e recoñece os efectos do tipo de xuro. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CD ■ CAA ■ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB2.2.4. Interpreta a diferenza entre o TXN e o TAE nas operacións de financiamento e entre os tipos de referencia oficiais para a determinación dos tipos de xuro aplicables. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CD ■ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB2.2.5. Valora a idoneidade de cada tipo de préstamo en función da finalidade, o importe e o prazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CD ■ CAA ■ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ e ■ f ■ g 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.8. Sistemas de previsión social públicos e privados. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.3. Analizar o sistema público de previsión social, considerar o seu efecto sobre a planificación para lograr a seguridade financeira e comparar cos sistemas privados. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB2.3.1. Distingue o sistema público de Seguridade Social dos sistemas privados de previsión (seguros e plans de pensións). 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CD ■ CSC ■ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ e ■ f ■ g ■ h 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.9. Relacións nos mercados financeiros: actitudes, información e negociación. ■ B2.10. Tarifas dos produtos e servizos financeiros. ■ B2.11. Procesos de reclamación perante os bancos e as entidades supervisoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.4. Estimar a capacidade de negociación coas entidades bancarias, distinguir os custos dos produtos e dos servizos financeiros, e precisar os procesos de reclamación, ante entidades bancarias e organismos reguladores. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB2.4.1. Identifica os elementos das tarifas aplicadas á clientela polas entidades bancarias e compara as condicións ofrecidas por distintas entidades para elixir a mellor opción. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CD ■ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB2.4.2. Determina os procesos de reclamación perante entidades bancarias e organismos reguladores, e as actitudes que cómpre adoptar como persoa usuaria de servizos bancarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CD ■ CSC ■ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB2.4.3. Comprende os principais dereitos e deberes dos/das consumidores/as no mundo financeiro e recoñece as principais implicacións dos contratos financeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CMCCT ■ CSC ■ CSIEE

Educación Financeira 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EFNB2.4.4. Elabora un sinxelo escrito de reclamación perante unha entidade bancaria, utilizando unha estrutura formal axeitada. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a b e f g 	<ul style="list-style-type: none"> B2.12. Banca a distancia. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Descubrir novos sistemas de relación coas entidades bancarias (banca a distancia) e recoñecer o funcionamento e a operación permitidos para identificar as súas vantaxes e os seus inconvenientes. 	<ul style="list-style-type: none"> EFNB2.5.1. Distingue os sistemas alternativos de relación coas entidades bancarias, precisando o funcionamento e as operacións permitidas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> EFNB2.5.2. Valora as vantaxes e os inconvenientes das novas canles de relación coas entidades financeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CSC
<ul style="list-style-type: none"> a b e f g h 	<ul style="list-style-type: none"> B2.13. Protección de datos de carácter persoal. B2.14. Seguridade e tecnoloxías da información e da comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Identificar os perigos derivados do emprego de datos de carácter persoal nas relacións bancarias. 	<ul style="list-style-type: none"> EFNB2.6.1. Recoñece os perigos do uso fraudulento e do abuso na utilización de datos de carácter persoal nas relacións coas entidades bancarias, con especial atención aos vinculados cos novos sistemas de relación cos bancos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT CD CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EFNB2.6.2. Considera as recomendacións de seguridade e protección de datos persoais na operativa bancaria e comprende os dereitos que lle outorga a normativa aplicable. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CSC
			<ul style="list-style-type: none"> EFNB2.6.3. Valora a necesidade de garantir a seguridade na operativa bancaria a través dos novas canles de relación coas entidades bancarias. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT CD CSC
Bloque 3. Xestión da liquidez				
<ul style="list-style-type: none"> a b e f g 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Diñeiro: características, funcións e clases. B3.2. Contratos de conta bancaria á vista. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Recoñecer o valor social do diñeiro e o seu papel na economía persoal, identificar os casos de uso fraudulento e valorar que o diñeiro pode investirse, prestarse e pedirse prestado. 	<ul style="list-style-type: none"> EFNB3.1.1. Distingue as necesidades de fondos a curto, medio e longo prazo, e identifica as alternativas para o pagamento de bens e servizos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EFNB3.1.2. Describe os medios para identificar diñeiro falso e explica os pasos que se deben seguir no caso de detectalo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT CSC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> EFNB3.1.3. Valora as consecuencias do uso fraudulento do diñeiro. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT CSC CSIEE

Educación Financeira 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ e ■ f ■ g ■ h 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.3. Razóns para utilizar os servizos bancarios. ■ B3.4. Contas bancarias á vista. ■ B3.5. Clasificación das contas bancarias á vista. ■ B3.6. Funcionamento das contas bancarias á vista. ■ B3.7. Interpretación dos documentos vinculados ás contas bancarias á vista. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.2. Analizar os contratos bancarios de conta á vista, explicar a súa estrutura e o seu funcionamento, clasificalos e interpretar a información subministrada nos documentos relacionados. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB3.2.1. Explica o papel de intermediación das entidades bancarias, valorando a importancia das súas funcións na economía. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CMCCT ■ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB3.2.2. Clasifica as contas bancarias á vista, describe as súas características e os elementos obxectivos e subxectivos, e explica vantaxes e inconvenientes. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CMCCT ■ CD ■ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB3.2.3. Describe o funcionamento das contas bancarias á vista, explica os movementos e interpreta a información subministrada nos extractos e nos documentos xustificativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CMCCT ■ CD ■ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB3.2.4. Compara ofertas concretas de entidades bancarias para a selección dun contrato de conta á vista. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CMCCT ■ CD ■ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ e ■ f ■ g 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.8. Tarxetas bancarias: natureza, características e clasificación. Caixeiros automáticos. ■ B3.9. Recomendacións de seguridade no uso das tarxetas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B3.3. Considerar a utilidade das tarxetas bancarias, identificar os elementos integrantes e operar con elas en condicións de seguridade. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB3.3.1. Examina as características físicas das tarxetas, identifica os elementos integrantes e argumenta a súa utilidade principal. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ■ EFNB3.3.2. Observa as recomendacións sobre seguridade na operativa con tarxetas bancarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CD ■ CAA